



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA

Tif: 988.321.060. Fax: 988.325.969 E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA



REVISIÓN CURSO 2019-2020

Sumario

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. BASE LEGAL.....	3
3. DESTINATARIOS.....	7
4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	7
5. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA.....	8
5.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	9
5.2. CALENDARIO DE REUNIÓNS.....	9
5.3. TAREFAS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO.....	9
5.4. TAREFAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO.....	10
5.5. RECURSOS.....	11
5.5.1. Humanos.....	11
5.5.2. Materiais e espazos.....	11
5.5.3. Económicos.....	12
5.5.4. Espaciais.....	12
5.6. NECESIDADES DA ORIENTACIÓN NO CENTRO.....	13
6. OBXECTIVOS.....	13
6.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	13
6.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	14
6.2.1. REFERIDOS AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.....	14
6.2.2. REFERIDOS Á ACCIÓN TITORIAL.....	17
6.2.3. REFERIDOS AO ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA.....	18
7. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN.....	19
8. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.....	20
9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	21
9.1. O Plan Xeral de Atención á Diversidade.....	22
9.2. O Plan de Acción Titorial.....	22
10. AVALIACIÓN.....	22
10.1. Fase diagnóstica (avaliación inicial):.....	23
10.2. Fase de desenvolvemento (avaliación formativa):.....	23
10.3. Fase de reflexión sobre o proceso (avaliación sumativa):.....	23
10.4. Procedementos/Instrumentos de Avaliación.....	24
10.5. Criterios de Avaliación.....	24
11. ANEXOS.....	25

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Orientación Educativa trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro nesta materia.

Entendemos a orientación educativa como un proceso de axuda continuo e sistemático, que forma parte do proceso educativo e se dirixe a todos os membros da comunidade educativa, poñendo énfase especial na consecución do máximo desenvolvemento persoal do alumnado, atendendo á súa diversidade e poñendo especial coidado na prevención das posibles dificultades e na posta en práctica de respostas axeitadas.

Pretende proporcionar unha educación equitativa e de calidade ao conxunto do alumnado e clarifica as medidas que se van utilizar para ofrecer unha resposta á diversidade de calidade.

Partimos do marco legal estatal e do modelo organizativo e funcional da orientación educativa marcado pola lexislación da nosa comunidade autónoma.

O Departamento de Orientación será unha estrutura de apoio permanente encamiñada a apoiar o labor do centro e do profesorado en todas aquelas actuacións encamiñadas a asegurar un desenvolvemento integral dos alumnos/as, así como a formular e pór en práctica medidas adecuadas que propicien unha educación inclusiva de calidade e tenten axustarse ao máximo ás características e necesidades de todos e cada un dos alumnos/as.

Somos conscientes do ambicioso deste plan de orientación, mais concibímo-lo como unha ferramenta de traballo a longo prazo. Mediante o mesmo, marcaranse as metas a acadar e porase de manifesto aqueles aspectos nos que debemos incidir en maior medida.

2. BASE LEGAL

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (coas modificacións realizadas pola LOE nos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 25, 31,36.1, 57 e 62).
- Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo

nas ensinanzas de réxime xeral.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre-dotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Circular 18/2002 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para

flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.

- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.
- Circular nº 23/2004 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Centros Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma para o curso 2004-2005.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Circular 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz
- Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e

establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Protocolo de Identidade de Xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Orientacións sobre Plan de Convivencia.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de Urxencias Sanitarias e Enfermidade Crónica. Addenda Diabetes.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.
- Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Inter-institucional en Atención Temperá.

- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á Violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou con discapacidade.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Outros protocolos que poida publicar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

3. DESTINATARIOS

A orientación educativa constitúese como un proceso de acompañamento, asesoramento e axuda ao alumnado, mais tamén leva implícito un proceso de apoio referido ao profesorado e ás familias. Por este motivo o plan de orientación ten como destinatarios todos os membros da Comunidade Educativa:

- Alumnado
- Profesorado
- Familias

4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Ámbitos de actuación	Niveis	Obxectivos, actuación e responsables para cada nivel
Asesoramento á institución	Centro	<ul style="list-style-type: none"> • Os obxectivos que se pretenden conseguir. • As actuacións que se pretenden levar a cabo. • Os responsables de cada actuación.
O apoio ao proceso de ensino – aprendizaxe	Alumnado	
O asesoramento e orientación	Profesorado	

académica e profesional	Familias	
Apoio á colaboración familia-escola	Servizos e institucións	
Colaboración con outros servizos e institucións	externas ao centro	

5. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA

O CEIP Plurilingüe “Condessa de Fenosa”, está situado na vila de O Barco de Valdeorras (Ourense).

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefe de estudos e Secretario), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesorado) e polos Órganos de coordinación docente (Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística).

O centro ten seis unidades de Educación Infantil e doce de Educación Primaria. As clases acostuman ter un elevado número de alumnos/as.

O colexio é un centro ordinario de atención preferente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que conta cunha unidade creada de educación especial, segundo consta na Orde do DOG nº 134 de 2016/07/15, e outra unidade provisional.

Escolariza un gran número de alumnado que provén da zona (vila e pobos circundantes) e outro, de procedencia estranxeira, asentado, xunto coas súas familias, na vila.

O alumnado ten unha procedencia rural e urbana e hai un significativo porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: nee, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema escolar, TDAH, altas capacidades, condicións persoais e de historia escolar.

Consideramos necesario expoñer neste apartado contextual que este centro conta cun profesorado moi dinámico, na súa meirande parte con destino definitivo.

O centro conta con profesorado especialista en Educación. Física, Música, Inglés, Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL), profesorado de apoio de Infantil, Relixión e departamento de orientación a tempo completo. O ámbito de actuación do departamento de orientación do CEIP Plurilingüe “Condessa de Fenosa”, segundo a rede

de orientación marcada pola Consellería de Educación, abrangue unicamente ao propio colexio, non tendo ningún centro adscrito.

Existen dúas prazas de PT cubertas por profesorado definitivo e unha de AL. Hai un mestre en réxime de comisión de servizos para garantir unha continuidade co alumnado escolarizado na unidade de educación especial durante a etapa educativa. Creouse neste réxime pois as necesidades educativas teñen un carácter temporal e non poden cubrirse con carácter definitivo. Ademais todos os anos dótase ao centro cos recursos humanos que se consideran precisos para dar unha resposta de calidade á atención á diversidade. A escola tamén conta con dúas auxiliares técnicas educativas.

A familias en xeral amosan unha actitude colaboradora co colexio e están implicadas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.

Estamos adscritos a un centro de ESO, no que continúan os seus estudos a meirande parte dos nosos alumnos/as.

Estas realidades xenéricas de partida son as que orientan o conxunto deste Plan, os seus obxectivos e as súas actuacións.

5.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A composición do departamento de orientación queda establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. É a seguinte: profesorado de apoio (PT e AL), profesorado coordinador de ciclo e xefa de departamento.

Debido a que non hai presenza dun membro do equipo directivo na composición do departamento, toma especial relevancia a reunión de coordinación co mesmo, para poder vincular o carácter asesor do departamento co carácter decisorio e executivo dos órganos unipersoais.

5.2. CALENDARIO DE REUNIÓN

Reunións xerais	Mércores ao mediodía. Periodicidade quincenal
Departamento de orientación	Luns mediodía. Periodicidade quincenal / mensual / trimestral
CCPP	Luns mediodía. Periodicidade quincenal.
Comisións	En función dos compoñentes e contido

Coordinación co equipo directivo	Mércores 1ª hora. Periodicidade semanal.
Coordinación co profesorado de apoio	Mércores ao mediodía. Periodicidade semanal.
Coordinación co profesorado titor	A demanda
Coordinación co IES	Periodicidade mensual / trimestral

5.3. TAREFAS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

As funcións dos mesmos están delimitadas polo Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo están salientadas no Plan de atención á Diversidade do Centro.

Cada coordinador/a de ciclo recolle as posibles suxestións que parten de cada ciclo e transmíteas ao Departamento, así como se encarga de comunicar as propostas que xorden dentro do Departamento aos compoñentes do seu ciclo sobre os seguintes aspectos:

- Elaboración das liñas-base do plano de orientación
- Contextualización das actuacións programadas
- Seguimento e avaliación do plano de orientación
- Introducción das modificacións do plano se procede
- Elaboración da Memoria Final

5.4. TAREFAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO

- Dirixir e coordinar as actividades do departamento.
- Responsabilizarse do Plano anual e Memoria.
- Representar ao Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Coordinar a atención ao alumnado con n.e.a.e. xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e colaborar nos ditames de escolarización.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.

- Asistir ás xuntas de avaliación.
- Coordinarse co xefe de orientación do Instituto de E.S.O. ao que estamos adscritos.
- Convocar, presidir e levantar acta das reunións do Departamento.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, así como favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares que precise o alumnado.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobre dotación que presente o alumnado.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

5.5. RECURSOS

5.5.1. Humanos

- Profesorado titor.
- Profesorado das distintas especialidades.
- Profesorado de apoio.

- Equipo Directivo
- Xefa do Departamento
- Auxiliares Técnico Educativas.
- Inspección Educativa.
- Equipo de Orientación Específica (EOE)
- Organismos e entidades externas: médicos, psicólogos, asistentes sociais...

5.5.2. Materiais e espazos

- Material de reprografía.
- Material informático.
- Material bibliográfico.
- Recursos existentes no centro que están ao servizo de todo o profesorado:, encadernadora, plastificadora, trituradora.
- Teléfono para efectuar ou recibir chamadas internas.
- Ordenador e impresora do DO.
- Arquivador con carpetas colgantes.
- Probas estandarizadas para avaliación psicopedagóxica.
- Materiais para as titorías.
- Materiais para as actividades de apoio e reforzo.

5.5.3. Económicos

Non existe unha dotación económica específica por parte da Consellería de Educación para o Departamento de Orientación nin para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aínda que somos centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades educativas especiais. As compras que é necesario realizar cárganse ao orzamento xeral do Centro.

5.5.4. Espaciais

- Aulas ordinarias.
- Aulas de apoio.

- Biblioteca.
- Aula de Usos Múltiples

O Departamento dispón dun local exclusivo radicado fóra do edificio do colexio, na que antigamente era a casa do conserxe. Nela sitúanse as aulas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Departamento de Orientación e aseo adaptado para cambios dos nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

Para os apoios faise uso das aulas ordinarias e doutras dependencias do centro, sempre e cando estas están dispoñibles, e son necesarias. Tamén utilízanse as aulas de apoio, que se comparten entre o profesorado.

5.6. NECESIDADES DA ORIENTACIÓN NO CENTRO

A partir dos datos aportados vemos que nos atopamos fronte a un centro localizado nunha vila de estrutura urbana na que se conservan certos trazos rurais. A poboación desta vila é unha mestura entre a poboación doutras localidades e a formada polos descendentes da xente da vila e arredores coa das familias inmigrantes que se asentaron na zona.

Entre as familias observamos unha crecente preocupación pola educación dos seus fillos/as que precisa e demanda, cada vez mais, asesoramento e apoio.

No centro escolarízase un alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades.

O profesorado, que é maioritariamente estable, precisa asesoramento e apoio para responder aos retos que o ensino demanda e está aberto ás iniciativas e á colaboración co Departamento de Orientación .

É por iso polo que é necesario un servizo de orientación que contemple unha intervención nos ámbitos do alumnado, do profesorado e das familias, no marco das actuacións que se establecen desde a propia Administración Educativa, pero partindo da realidade e dos condicionantes da zona e do propio centro educativo. Partindo destas premisas e coa pretensión de ser realistas, eficaces e funcionais, formularemos os obxectivos deste Plan de Orientación, que se explicitarán no seguinte apartado.

6. OBXECTIVOS

6.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Dar estabilidade aos canles de funcionamento creados dentro do propio centro.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.
- Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe nos ámbitos de atención a toda a diversidade e do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).
- Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Contribuír a prever as dificultades de aprendizaxe e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos distintos documentos do centro.
- Contribuír a deseñar actuacións que teñan como eixe o plan de acción tutorial.
- Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar.
- Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multi-profesional.
- Asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado: inicio da escolarización, períodos de transición.
- Favorecer o auto-coñecemento do alumnado para que coñezan e valoren as súas propias capacidades, motivacións e intereses dunha forma axustada e realista.
- Ofertar información sobre o itinerario escolar ao remate da Educación Primaria.
- Posibilitar que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo, das ocupacións e os procesos que favorecen a transición á vida activa, á inserción laboral e á formación ao longo da vida.

6.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

6.2.1. REFERIDOS AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

§ Con respecto ao Centro

- Colaborar na elaboración/revisión dos distintos documentos pertencentes ao PEC, así como na memoria de final de curso do centro.
- Colaborar na elaboración de programas específicos (apoio, recuperación, etc).
- Asesorar tecnicamente en cuestións de adaptacións curriculares, reforzos educativos, intervención psicopedagóxica e criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Fomentar a cooperación da comunidade educativa nas tarefas de orientación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Contribuír á realización de estudos e análises sobre as necesidades do alumnado.
- Deseñar programas orientados a prever e detectar dificultades educativas así como plans de intervención tendentes a solucionar estes problemas.
- Colaborar na avaliación das neae do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Establecer relacións estables de coordinación de titores, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Establecer relacións estables de coordinación entre o profesorado dos distintos ciclos.
- Establecer relacións coas institucións externas ao centro que poden colaborar e axudar na integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

§ Con respecto ao alumnado

- Contribuír á detección das necesidades do alumnado así como á busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia no labor educativo.

- Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe con medidas de atención á diversidade e impulsar iniciativas de compensación das desigualdades de orixe.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás necesidades específicas de apoio educativo.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con neae, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Establecer criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, flexibilidade da escolaridade, permanencia ou promoción nun ciclo.
- Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, cambios de etapa...
- Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

§ Con respecto ao profesorado

- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientadora de cara a dar resposta ás neae do alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación e colaborar naquelas decisións que se estime oportuno.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Colaborar na detección de problemas educativos (desenvolvemento, aprendizaxe, etc.) que presente o alumnado así como na pronta intervención para tratar de remedialos.
- Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.

- Transmitirlles información acerca da avaliación psicopedagóxica do alumnado e, en xeral, sobre as características persoais de estes.
- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.
- Demandarlles colaboración nas actividades promovidas polo departamento.
- Asesorar ao profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.

§ Con respecto ás familias

- Promover, en colaboración cos titores, actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer os contactos necesarios coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- Colaborar na relación titores-familia na solución de problemas que afectan aos seus fillos/as.
- Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con neae.
- Informarlles sobre o novo sistema educativo así como sobre os aspectos novidosos que afecten directamente ao centro.
- Intercambiar información que poida enriquecer o coñecemento dos seus fillos para unha maior comprensión das súas condutas, actitudes, ritmo de aprendizaxe, etc.
- Implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

§ Con respecto aos servizos e institucións externas ao centro.

- Solicitar asesoramento do equipo de orientación específico nos temas que se considere necesario.
- Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Colaborar cos servizos do HCV dos que fan uso algúns dos nosos alumnos/as: pediatría, saúde mental, fisioterapia.

- Establecer canles de coordinación entre orientadores de primaria e secundaria, especialmente do instituto adscrito.

6.2.2. REFERIDOS Á ACCIÓN TITORIAL

§ Con respecto ao centro

- Reelaborar o plan de acción titorial.
- Aportar criterios para a organización, adxudicación e funcionamento das titorías.

§ Con respecto ao alumnado

- Prestarlles atención individualizada cando o soliciten.
- Axudarles a conseguir unha boa integración no centro e no grupo de compañeiros/compañeiras.

§ Con respecto ao profesorado.

- Asesorarlles no desempeño da acción titorial: dificultades de aprendizaxe, situacións persoais especiais...
- Participar nas xuntas de avaliación trimestrais e finais.
- Asesorarlles na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.
- Asesorarlles en cuestións prácticas de organización e agrupamento do alumnado, con especial atención ao tratamento flexible á diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
- Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, mellora da auto estima, habilidades sociais,etc.
- Colaborar cos titores para manter unha relación fluída coas familias.

§ Con respecto ás familias.

- Cooperar na relación titores-familia para a solución de problemas que afecten aos seus fillos/as.

§ Con respecto a outras institucións

- Recompilar información que poidan proporcionar servizos alleos ao centro e transmitirla ao titor co fin de optimizar a atención ofrecida ao alumnado.

6.2.3. REFERIDOS AO ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN ACADÉMICA

§ Con respecto ao centro

- Implicar ao Centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo (Plan de acollida e tránsito a Secundaria)
- Fomentar a coordinación entre o centro e o instituto.

§ Con respecto ao alumnado

- Axudarlles nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, etc.
- Facilitarlles información sobre o itinerario educativo co fin de que coñeza ben o sistema educativo no tramo no que se sitúa.
- Contribuír ao fomento de actividades encamiñadas a que o alumnado adquira unhas capacidades que lle permitan saber tomar decisións, así como coñecerse e valorarse de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses
- Colaborar no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.

§ Con respecto ao profesorado

- Orientar tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, etc.
- Propiciar actuacións que permitan que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo.

§ Con respecto ás familias.

- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
- Asesorar ás familias do alumnado que inicia a escolarización sobre o centro, o xeito de preparar a adaptación dos nenos/as.
- Asesorar ás familias do alumnado que inicia a educación primaria: características da etapa, xeitos de axudar aos seus fillos/as.

- Asesorar ás familias e alumnado que remata a educación primaria: características da educación secundaria obrigatoria, optatividade.

7. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

Orientación entendida como:

- Un proceso continuo e sistemático, que forma parte do proceso educativo e se dirixe a todos os membros da comunidade educativa, poñendo énfase especial no desenvolvemento integral do alumnado, así como na prevención das posibles dificultades e na posta en práctica de respostas axeitadas.
- Un proceso de acompañamento e apoio para levar a cabo as transformacións organizativas e metodolóxicas necesarias, que permitan ofrecer medidas que dean unha resposta á diversidade axeitada e flexible, adecuada ás características de cada caso.
- Un proceso construtivo ou colaborativo, que busque as solucións a determinadas dificultades conxuntamente entre o especialista e o profesorado, realizando achegas desde perspectivas diferentes e complementarias. A relación que se establece é de igualdade en canto ao nivel de participación, implicación, relación e co-responsabilidade e complementaria e diferenciada en canto a contribucións, experiencia profesional, formación, etc.

A intervención sobre o alumnado é preferiblemente indirecta. En principio comézase a actuar preferentemente sobre os axentes educativos (contexto, profesorado, familia), a atención directa ao alumnado realízase cando non obtemos a resposta buscada ou no caso de alumnado con necesidades moi graves ou específicas.

8. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva. En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro. O seu desenvolvemento precisará da continuidade do seu tratamento ao

longo dos cursos académicos.

Pódense destacar as seguintes:

- Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións que teñan como eixe o plan de acción tutorial, o plan xeral de atención á diversidade, o plan de igualdade e o plan de convivencia.
- Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Organizar os espazos e instalacións para a orientación
- Asesorar na posta en marcha das medidas da atención á diversidade.
- Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- Fomentar metodoloxías inclusivas: modelo SEM, docencia compartida, aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais... como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Contribuír a prever as dificultades e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Favorecer a colaboración das familias co centro e a súa implicación nas tarefas educativas.
- Deseñar medidas para favorecer o tránsito e a adaptación do alumnado entre as distintas etapas educativas.
- Deseñar accións que fomenten a coordinación entre o centro e o instituto.
- Traballar con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multi-profesional.
- Manter actualizado o Plan de Orientación concretando no plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO) as actuacións previstas para o curso.

9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A función orientadora debe incidir no conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Para conseguir os obxectivos programados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos sub-plans:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.
 - A importancia da participación activa dos mestres/as no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
 - A importancia dos coordinadores, coa función de sumar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
 - O profesorado especialista en PT e AL para colaborar na necesaria sensibilización, mediación e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
 - O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, etc que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
 - O establecemento dunha relación tutorial permanente co alumnado e coas familias.
- As estratexias de intervención son:

9.1. O Plan Xeral de Atención á Diversidade

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos/as, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo. As decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á personalización da propia ensinanza. O noso centro tenta dar resposta á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo

de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

9.2. O Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial (PAT) é unha resposta ao feito de que o o labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente do profesorado titor.

- Programa de exploración psicopedagóxica (1º, 3º e 5º de EP)
- Plan de acollida
- O programa de transición entre etapas
- Programa de Estimulación de linguaxe en Educación Infantil.
- Programa de Habilidades Sociais.

10. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como unha reflexión crítica sobre todos os momentos e factores que interveñen no proceso didáctico a fin de determinar cales poden ser, están sendo ou foron os resultados da posta en práctica do Plan de Orientación de Centro.

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas achegas e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben

fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo

10.1. Fase diagnóstica (avaliación inicial):

- Identificar as características dos participantes: intereses, necesidades, expectativas.
- Identificar as demandas da Comunidade Educativa, en especial as suxestións realizadas polo profesorado no seu ámbito de actuación
- Identificar as características do contexto: posibilidades, limitacións.
- Valorar a pertinencia, adecuación e viabilidade do Plano de Orientación.
- Directrices sinaladas na circular coas instrucións para o funcionamento dos Departamentos de orientación.

10.2. Fase de desenvolvemento (avaliación formativa):

- Dar información sobre a evolución e progreso do plan.
- Identificar os puntos críticos do plan.
- Realizar as modificacións precisas.

Gracias a ela tomaremos as decisións pedagóxicas, didácticas e/ou organizativas oportunas. O Instrumento a empregar será fundamentalmente o intercambio oral nas distintas reunións. Ademais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos do plan, utilizaremos como punto de partida a táboa de posibles modificacións no plan de orientación anual.

10.3. Fase de reflexión sobre o proceso (avaliación sumativa):

- Valorar a consecución dos obxectivos e dos cambios producidos, previstos ou non.
- Verificar a valía do plano de cara a satisfacer as necesidades previstas.

Ao finalizar o curso elaborárase unha memoria na que se pretende determinar o valor das actividades e/ou programas e a súa contribución á consecución dos obxectivos do plano.

10.4. Procedementos/Instrumentos de Avaliación

Os procedementos/instrumentos cos que se realice serán:

- Reunións de coordinación.
- Reunións da comisión de coordinación pedagóxica sobre as prioridades do plan de orientación.
- Análise das memorias (necesidades e propostas).
- Cuestionarios
- Análise de documentos
- Análise de tarefas

10.5. Criterios de Avaliación

- Axuste do Plano de Orientación ás necesidades reais do centro.
- A realización das actuacións previstas.
- O desenvolvemento das accións prioritarias.
- Grao de cumprimento dos obxectivos programados.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa
- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plano de Orientación.
- Nivel de Integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Coherencia entre a P.X.A e o Plano de Orientación.
- Incidencia na aula e nas familias.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas ao plano do próximo curso.
- A resposta á diversidade.

- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.

11. ANEXOS

Inclúense o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Acción Titorial cos correspondentes sub-programas que o conforman e os documentos e cuestionarios de avaliación aos que se fai referencia nos distintos epígrafes do Plan de Orientación.